



C O N C E L L O  
D A  
L A R A C H A  
(A CORUÑA)

MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ, SECRETARIO DO CONCELLO DA LARACHA (A CORUÑA).-

CERTIFICA.- Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 3 de decembro de 2010, aprobou, entre outros o seguinte acordo:

**3.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA “CAMPO DE FÚTBOL E VESTIARIOS” EN XERMAÑA, PARROQUIA DE CAIÓN E, POSTA A DISPOSICIÓN DA PARCELA Á SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS.-**

O secretario da conta do expediente formado para que poda levarse a cabo a execución da obra de “campo de fútbol e vestiarios” en Xermaña, parroquia de Caión, no Concello da Laracha, incluída na proposta de actuacións para os anos 2010, 2011 e 2012 da Secretaría Xeral para o Deporte da Consellería de Presidencia e recollida na lei de orzamentos do ano 2010, e ese fin leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Expediente expropiatorio polo procedemento de taxación conxunta para a obtención dos terreos necesarios para a construción dun campo de fútbol, acción n.º SGE-5, denominada “Campo de fútbol de A Xermaña, Caión” segundo se establece no documento de “Orde de prioridades e estudo económico – financeiro” do Plan Xeral de Ordenación Municipal e sinalada no catálogo de accións de prioridade 1 que corresponde ao primeiro cuatrienio.



Remisión á Secretaría Xeral, o pasado 12 de xullo, da seguinte documentación: planos e documentación da parcela proposta na que se pretende realizar a construción da instalación deportiva; informe da arquitecta técnica municipal sobre a posibilidade de construír a instalación de referencia na parcela proposta polo Concello e relación de autorizacións sectoriais oportunas e prazo previsto da súa obtención; certificado de titularidade das parcelas emitido polo secretario do concello e as actas de ocupación, pago e consignación do xusto prezo.

O pasado 29 de novembro de 2010 a Secretaría Xeral para o Deporte require ao concello da Laracha, tras comprobar a viabilidade da parcela e supervisado favorablemente o proxecto remitido, a posta a disposición da parcela e a aprobación do proxecto polo órgano competente.

Tendo en conta que se trata dunha obra promovida por este concello en terreos de titularidade municipal, aínda que a execución da obra corra a cargo da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., a aprobación do proxecto das obras polo concello é suficiente para autorizar a execución das obras máis a autorización para executar obras en terreos de dominio público local, segundo os artigos 196.1 e 198.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Constan no expediente os preceptivos informes técnico e xurídico.

Ao abeiro do art. 21.1 o) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, da disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do

Sector Público e dos decretos da Alcaldía de delegación de atribucións, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto da obra e o outorgamento da autorización para ocupación dos bens de dominio público necesarios para a execución das obras do “campo de fútbol e vestiarios” en Xermaña, parroquia de Caión, polo que, A Xunta de Goberno Local, *por unanimidade dos membros presentes*, ACORDA:

PRIMEIRO.- Poñer a disposición da Secretaría Xeral para o Deporte os terreos que se describirán, autorizando o uso común especial normal do dominio público municipal, preciso para a construción dun campo de fútbol, acción nº SGE-5, denominada “Campo de fútbol de A Xermaña, Caión” segundo se establece no documento de “Orde de prioridades e estudio económico – financeiro” do Plan Xeral de Ordenación Municipal:

| Ref. Catastral |      | Superficie                 |
|----------------|------|----------------------------|
| POL.           | PAR. | afectada (m <sup>2</sup> ) |
| 172            | 277  | 631,00                     |
| 172            | 445  | 661,00                     |
| 172            | 447  | 463,00                     |
| 172            | 449  | 282,00                     |
| 172            | 450  | 232,00                     |
| 172            | 451  | 111,00                     |
| 172            | 452  | 33,00                      |
| 172            | 453  | 137,00                     |
| 172            | 454  | 1.426,00                   |
| 172            | 455  | 1.958,00                   |
| 172            | 459  | 1.468,00                   |
| 172            | 460  | 1.518,00                   |
| 172            | 465  | 734,00                     |
| 172            | 466  | 343,00                     |
| 172            | 766  | 203,00                     |

SEGUNDO.- Aproba-lo proxecto da obra “campo de fútbol e vestiarios” en Xermaña, parroquia de Caión, redactado polos arquitectos Santiago González García, Mónica Fernández Garrido, Paula Costoya Carro e Miguel Porras Gestido de NAOS04 ARQUITECTOS, S.L.P., aos efectos sinalados no artigo 198.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Secretaría Xeral para o Deporte para o seu coñecemento e efectos oportunos.

E para que conste aos oportunos efectos, expido a presente, de orde e co visto e praxe do sr. Alcalde, José Manuel López Varela, que asino na Laracha, sen prexuízo dos termos definitivos nos que queda redactada a acta, a sete de decembro do ano deus mil e novecentos e vinte e tres.

Vº e praxe  
O alcalde


